

INFORME CLIMATOLÓGICO MES DE SETEMBRO DE 2023



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES.....	5
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	7
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	9
5	TEMPERATURA.....	13
5.1.	Temperatura media das máximas.....	13
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	14
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	15
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2023.....	19
6	PRECIPITACIÓN.....	20
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	21
6.2.	Días de chuvia en setembro de 2023	22
6.3.	Evolución da precipitación en setembro de 2023.....	24
7	VENTO.....	25
8	RADIACIÓN SOLAR.....	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	28
9	RAIOS.....	29

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de setembro de temperatura mínima

Calendario de setembro de temperatura máxima

Calendario de setembro de precipitación acumulada

Calendario de setembro de refacho máximo

Data edición: 06/10/2023

**Mes de setembro húmido e moi cálido****1 INTRODUCCIÓN**

Este informe recolle unha descrición climatolóxica do mes de setembro de 2023. Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

1.1. Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste mes de setembro e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P20$	Moi frío
$P20 \leq T < P40$	Frío
$P40 \leq T \leq P60$	Normal
$P60 < T \leq P80$	Cálido
$P80 < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura



1.2. Precipitación

Para a variable precipitación (*PP*), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada neste mes de setembro respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{min} 1981-2010 \leq PP < P20$	Moi seco
$P20 \leq PP < P40$	Seco
$P40 \leq PP \leq P60$	Normal
$P60 < PP \leq P80$	Húmido
$P80 < PP \leq P_{max} 1981-2010$	Moi Húmido
$PP > P_{max} 1981-2010$	Extremadamente Húmido

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro quedou caracterizado pola frecuente chegada de zonas de aire frío en altura, puntuadas con períodos anticiclónicos cálidos. Isto explica que, en global, o mes fose húmido, aínda que tamén temos zonas menos afectadas polos fenómenos tormentosos nas que a chuvia foi algo máis escasa. Os períodos anticiclónicos cálidos levaron as temperaturas a valores máis elevados do normal en setembro.

Así, xa no primeiro día do mes, vivimos baixo a influencia dunha baixa, cunha fronte asociada que pola tarde deixaba algunhas precipitacións. A borrasca desapareceu en superficie o día 2 pero quedou unha zona illada de aire frío en altura que ocasionou nos seguintes 4 días a aparición de chuvascos de carácter tormentoso, máis frecuentes e intensos na xornada do día 2 no interior da Comunidade.

A partir do 5, unha nova baixa formouse ao oeste da península Ibérica. Nas primeiras 48 horas quedamos no límite do seu radio de acción, polo que as precipitacións soamente sucederon de xeito illado e ocasional e a chegada de aire cálido propiciou xornadas cálidas, con sensación de bochorno.

Entre os días 8 e 9, esa baixa desprendida achegouse a Galicia aumentando o grao de inestabilidade, polo que os chuvascos na tarde-noite do día 8 e ao longo da xornada do día 9 foron localmente moi intensos e viñeron acompañados de sarabia e aparato eléctrico. A situación de inestabilidade continuou os días 10 e 11, aínda que con menor intensidade, polo que os chuvascos non foron tan xeneralizados nin intensos.

Entre os días 12 e 14, as altas presións volveron dominar a situación deixando tempo seco, soleado e con temperaturas elevadas para a época do ano.

Pero de novo una baixa desprendida foise achegando o día 15, incrementando a inestabilidade e deixando chuvias que na tarde do 15 quedaron concentradas na metade leste, sendo máis xeneralizadas os días 16 e 17.

A xornada do 18 foi de transición, aínda con algunhas chuvias durante a primeira metade do día que tenderon a desaparecer pola tarde para quedar o 19 un día de estabilidade, con tempo seco.



Unha estabilidade moi transitoria, xa que o día 20 se foi achegando una fronte bastante activa que durante a noite do 20 e a madrugada do 21 deixaba precipitacións persistentes, xeneralizadas en toda Galicia e de intensidade moderada. Xa nas horas diúrnas do 21 e na primeira metade do 22 quedamos na zona de chuvascos, con tempo cambiante e algunhas precipitacións puntuais irregularmente repartidas.

No período entre o 23 e o 26, as altas presións achegaron novamente estabilidade, polo que os ceos despexados e as altas temperaturas pola tarde foron as características principais deses días.

As baixas presións achegáronse novamente os días 27 e 28 afectando á metade oeste con aumento das nubes e mesmo algunhas chuvias febles.

E xa nos derradeiros dous días do mes, una masa de aire cálido procedente do norte de África instalouse sobre Galicia, deixando tempo seco e temperaturas moi elevadas para a época do ano.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas das Figuras 1 e 2 podemos ver as anomalías da altura xeopotencial en 500 hPa e da presión atmosférica a nivel do mar, respectivamente.

No mapa de altura, adivíñase unha zona no Atlántico, entre Islandia e o arquipélago dos Azores, onde a presión de 500 hPa se acadou a unha altitude máis baixa do habitual, o que se entende como unha zona de aire máis frío do normal. Esta zona está alongada de norte a sur e representaría unha valgada máis persistente do habitual. Pola contra, no Continente Europeo, especialmente en Europa do Leste, as anomalías son positivas e máis significativas. Isto demostra unha maior frecuencia de dorsais anticiclónicas nesa área.

Ao nivel da superficie, a anomalía negativa sobre o Atlántico é moi importante, o que se puido deber ao frecuente formación de borrascas nesa zona o a unha maior profundización dos centros de baixas presións, alimentados polo aire frío en altura. Esa anomalía afecta sobre todo ao noroeste peninsular, o que explica a reiterada chegada de frentes atlánticas e o predominio dos ventos do sur e suroeste, situacións que deixaron precipitacións na Comunidade.




Figura 1: Anomalías de xeopotencial en 500 hPa en setembro de 2023 respecto ao período 1991-2020




Figura 2: Anomalías de presión en superficie en setembro de 2023 respecto ao período 1991-2020



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	SETEMBRO 2023 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.0/20.9	18.5	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	17.4	15.2	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	13.7/14.1 (día 23)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	20.3/20.1 (día 28/día 7)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	24.6/24.4	21.8	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	30.9/30.4 (día 7)	35.4 (13/09/2020)		
Tª máxima máis baixa	20.7/20.5 (día 21)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	82	42-76	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	11	7	19 (1933)	1 (1985)

*Comentario: Os valores medios das temperaturas media, mínima e máxima son os máis altos de toda a serie, polo que se considera un mes **extremadamente cálido**.*

*A precipitación rexistrada está algo por riba do valor climático, considerándose un mes lixeiramente **húmido**, cun número de días de chuvia superior ao agardado.*

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1930-2023. Temperatura: 1930-2023.*

SANTIAGO

	SETEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.0	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	14.7	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	8.5 (día 23)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	18.2 (día 29)	23.2 (06/09/2016)		
Tª máxima media	23.4	23.5	28.5 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	31.8 (día 30)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	18.5 (día 17)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	123	56-105	263 (1999)	1 (2018)
Días de chuvia (≥1mm)	11	8	17 (1993)	0 (2018)

*Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima pero normal tomando como referencia a máxima. Como resultado disto, para a temperatura media, o mes resultou **cálido**.*

*A precipitación rexistrada é superior ao rango de valores normais, resultando un mes **húmido**, cun número de días de chuvia superior ao valor climático agardado.*

** Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2023. Temperatura: 1982-2023.*



LUGO

	SETEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	18.8	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	12.2	11.0	13.0 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	6.7 (día 24)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	15.2 (día 5)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	25.5	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	33.1 (día 30)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	18.9 (día 21)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	101	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	12	8	16 (1995)	0 (1985)

Comentario: Mes cálido considerando a temperatura mínima e moi cálido a máxima. Para a temperatura media o mes resultou **moi cálido**.

A precipitación rexistrada superou amplamente o valor climatolóxico normal, polo que se considera un mes **moi húmido**, cun número de días de chuvia por riba da media.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2023. Temperatura: 1981-2023.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.5	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	14.8	13.0	15.2 (2018)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	10.0 (día 23)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	18.8 (día 28)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	24.2	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	29.7 (día 30)	34.9 (06/09/1974)		
Tª máxima máis baixa	19.7 (día 17)	13.4 (16/09/1962)		
Precipitación acumulada	102	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	11	8	18 (1968)	1 (1988)

Comentario: Mes cálido media, moi cálido tendo en conta a temperatura mínima e normal a máxima. Como resultado disto, para a temperatura media, o mes foi **cálido**.

A precipitación rexistrada entra dentro do rango de valores climatolóxicos normais, polo que se considera un mes **normal**, aínda que cun número de días de chuvia superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2023. Temperatura: 1958-2023.



OURENSE

	SETEMBRO 2023	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie [†]	valor mínimo da serie [†]
Tª media	20.8	20.2	23.4 (2018)	16.7 (1974)
Tª mínima media	14.1	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	8.4 (día 23)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	17.7 (día 5)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	27.5	27.5	32.1 (2018)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	36.1 (día 30)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	20.7 (día 17)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	113	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	9	6	12 (1993)	1 (2009)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta a temperatura mínima e normal a máxima. Para a temperatura media, o mes considérase **cálido**.

A precipitación acumulada estivo moi por riba do valor climático, polo que o mes resultou **moi húmido**, cun número de días de chuvia superior á media.

*Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2023. Temperatura: 1972-2023.

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias marcaron valores elevados con respecto á media de setembro. Esta anomalía notouse máis nos valores das madrugadas xa que, agás na penúltima semana, apenas tivemos noites frías. As máximas foron tamén elevadas, pero quedaron máis preto dos valores normais en puntos de Pontevedra e sur da Coruña, xa que houbo moitas xornadas con ventos do suroeste que achegaban nebulosidade impedindo ascensos significativos das máximas.

5.1. Temperatura media das máximas

O valor medio da temperatura máximas no mes de setembro, a partir dos valores do mapa da Figura 3, foi de 23.3 °C. Foron moitas as zonas onde o valor medio oscila entre 25.8 e 26.9 °C, pero destacan as ribeiras do Miño en Ourense, cun máximo de ata 28.5 °C. Pola contra, o valor medio máis baixo móvese entre 18.3 e 20.4 °C, cun mínimo de ata 13.8 °C localizado no Macizo de Manzaneda.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2023

5.2. Temperatura media das mínimas

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro, a partir dos valores do mapa da Figura 4, foi de 13.0 °C. O valor máis baixo oscila entre 9.1 e 10.2 °C e atopámolo no sueste de Ourense, cun mínimo de ata 7.8 °C no Macizo de Manzaneda. Pola contra, o valor máis alto móvese entre 15.8 e 16.6 °C, acadando un máximo de 17.5 °C nalgún punto costeiro do Arco Ártabro ou da península do Morrazo.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2023

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010

No mapa de anomalías de temperatura da Figura 5, obsérvanse cores cálidas, especialmente cara ao norte da Comunidade. Isto representa unha desviación positiva da temperatura media en case que toda Galicia. O valor medio da anomalía de temperatura media, segundo os valores do mapa, foi de +1.6 °C. O valor máis alto móvese entre 2.6 e 2.8 °C, cun máximo de ata 3.5 °C en áreas da comarca da Coruña. Porén, o valor máis baixo oscila entre 0 e 0.6 °C, rexistrándose un mínimo negativo de -0.7 °C na comarca da Baixa Limia, na Serra do Laboreiro.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de setembro de 2023 respecto ó período 1981-2010



Nas Táboas 1 e 2, móstrase unha lista dos concellos coas anomalías da temperatura media máis altas e máis baixas, respectivamente, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas déronse, principalmente, na comarca da Coruña e ao norte das Serras Setentrionais, mentres que as máis baixas, algunhas lixeiramente negativas, atopámolos, principalmente, nas zonas altas da provincia de Ourense.

Táboa 1: Anomalías **máis altas** de temperatura media en setembro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Cambre	A Coruña	3.5
Abegondo	A Coruña	3.1
Carral	A Coruña	3.1
Cariño	A Coruña	2.9
Cedeira	A Coruña	2.9
Mondoñedo	Lugo	2.8
Ortigueira	A Coruña	2.8
Betanzos	A Coruña	2.7
Lourenzá	Lugo	2.7
Triacastela	Lugo	2.7

Táboa 2: Anomalías **máis baixas** de temperatura media en setembro de 2023 con respecto ao período 1981-2010

Estación	Provincia	Anomalía (°C)
Entrimo	Ourense	-0.2
Lobios	Ourense	-0.1
Lobeira	Ourense	0.0
Verea	Ourense	0.2
Muíños	Ourense	0.2
Bande	Ourense	0.3
Quintela de Leirado	Ourense	0.4
Vilariño de Conso	Ourense	0.4
Padrenda	Ourense	0.4
Crecente	Pontevedra	0.4



Nas Táboas 3 e 4, móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2023 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 30 foi a máis calorosa do mes en case que toda Galicia.

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2023 **por baixo** dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/09/2023	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.0
30/09/2023	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	36.4
30/09/2023	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36.2
30/09/2023	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	35.8
30/09/2023	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.2
30/09/2023	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	35.2
30/09/2023	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	34.9
30/09/2023	Míllara	PANTÓN	Lugo	34.9
30/09/2023	Mabegondo	ABEGONDO	A Coruña	34.7
30/09/2023	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	34.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2023 **por riba** dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/09/2023	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	28.5
30/09/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	28.1
30/09/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	27.9
30/09/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	27.9
30/09/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	27.5
30/09/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.2
30/09/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	26.7
29/09/2023	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	26.6
30/09/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	26.2
30/09/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	26.0



Nas Táboas 5 e 6, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de setembro de 2023 para estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A madrugada do día 23 foi a máis fría en moitas zonas da Comunidade.

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2023 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/09/2023	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	2.2
23/09/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	2.6
23/09/2023	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	2.6
23/09/2023	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	2.8
23/09/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.1
23/09/2023	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	3.5
23/09/2023	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.6
23/09/2023	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	3.6
23/09/2023	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.6
23/09/2023	Ancares	CERVANTES	Lugo	4.7

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2023 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/09/2023	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-0.5
23/09/2023	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1.4
23/09/2023	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	2.7
23/09/2023	Baltar	BALTAR	Ourense	2.9
24/09/2023	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	3.3
23/09/2023	Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	3.6
23/09/2023	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3.8
23/09/2023	Vilarmaior	RODEIRO	Pontevedra	3.9
23/09/2023	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	4.1
23/09/2023	Laza	LAZA	Ourense	5.0

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2023

Na Figura 6, pódese ver a variación da temperatura media desde o ano 1961 ata o actual 2023. O valor medio en 2023, obtido a partir da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional, foi 19.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ao longo do período 1961-2023 para setembro

A Figura 7 presenta a evolución da anomalía da temperatura media desde o ano 1961 ata o actual 2023. O valor medio en 2023, obtido a partir das anomalías medias das once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +1.3 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como **moi cálido**. Para a temperatura mínima, cunha desviación positiva de 1.8 °C, o mes resulta moi cálido e para a temperatura máxima, cunha anomalía de 0.8 °C por riba do valor agardado, o mes resulta cálido. O precedente máis cálido foi o ano 2018.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ao período 1981-2010

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas ao longo do mes estiveron, en xeral, por riba das agardadas nun mes de setembro, aínda que o carácter convectivo da meirande parte das precipitacións fai que as cantidades totais estean irregularmente repartidas, polo que temos moitas zonas cun superávit acusado pero tamén puntos da montaña de Lugo e do litoral oeste nos que mesmo tivemos déficit de chuva.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi 117 L/m². Os acumulados máis significativos móvense entre 152 e 163 L/m², acadándose un máximo de 195 L/m² en puntos do Macizo de Manzaneda e da Serra de Lourenzá. Os acumulados menos importantes oscilan entre 73 e 85 L/m², rexistrándose un mínimo de 61 L/m² no Canón do Sil e nos arredores da Serra de Larouco, no Sur de Ourense.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2023

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal

No mapa da Figura 9, pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 49 % superior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación é irregular, dado o carácter convectivo de boa parte das precipitacións. O valor máis alto oscila entre un 108 e un 146 % por riba do agardado, se ben se acada un máximo de ata un 233 % máis de precipitación nalgún lugar do val do Río Eo ou do Río Navia. O valor máis baixo oscila entre un 11% menos e un 4% máis de precipitación, marcándose un mínimo de ata un 34 % menos en zonas da Serra do Courel.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2023

6.2. Días de chuva en setembro de 2023

A Figura 10 representa o número de días de chuva maior ou igual a 1 L/m². Segundo os valores do mapa, o número medio de días de chuva foi 11. O máximo localízase en zonas da Mariña Central, con 17 días de chuva. Porén, o mínimo rexistrouse en puntos da Ribeira Sacra, con 5 días de chuva.




Figura 10: Días de precipitación superior a 1 L/m² durante o mes de setembro de 2023



A Táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de setembro de 2023. Os acumulados máis altos roldaron e mesmo superaron os 200 L/m², principalmente na provincia da Coruña.

Táboa 7: Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2023			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	237
Cespón	BOIRO	A Coruña	192
Olas	MESÍA	A Coruña	192
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	189
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	187
Muralla	LOUSAME	A Coruña	185
Riotorto	RIOTORTO	Lugo	180
Labrada	ABADÍN	Lugo	170
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	165
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	164

A Táboa 8 contén unha lista das estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia que rexistraron a máxima precipitación nun intervalo de 24 horas.

Táboa 8: Precipitación máxima en 24 horas (L/m ²) en setembro de 2023				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	96	08/09/2023 16:20
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	71	08/09/2023 21:10
Olas	MESÍA	A Coruña	69	17/09/2023 18:00
Morelle	SARRIA	Lugo	68	07/09/2023 18:40
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	67	04/09/2023 12:20
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	67	17/09/2023 20:00
Cariño	CARIÑO	A Coruña	58	20/09/2023 19:30
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	56	08/09/2023 16:40
Lalín	LALÍN	Pontevedra	56	08/09/2023 18:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	55	20/09/2023 01:30

6.3. Evolución da precipitación en setembro de 2023

Na Figura 11, pode verse a evolución da precipitación media desde o ano 1961 ata o actual 2023. A precipitación media en 2023, obtida a partir das dezaseis estacións que compoñen a serie rexional, foi 110 L/m².




Figura 11: Precipitación ao longo do período 1961-2023 para setembro

Como se pode comprobar coa axuda da Figura 12, a anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 46 % superior ao valor climatolóxico normal. Isto fai que o mes poida considerarse **húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido foi o ano 1999.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010



7 VENTO

A Táboa 9 mostra as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h e a data na que sucedeu. Neste mes de setembro, a meirande parte das estacións meteorolóxicas da rede de Meteogalicia que mediron velocidades do vento por riba dese limiar están situadas na montaña ou na alta montaña. Na táboa 9 obsérvase tan só nunha estación se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado.

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro de 2023

Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)	Altitude (m)
20/09/2023	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	126	545
20/09/2023	O Xistral	MURAS	Lugo	110	1031
21/09/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	106	1620
03/09/2023	Xares	VEIGA (A)	Ourense	105	1762
20/09/2023	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	101	1620

As Táboas 10, 11, 12 e 13 recollen un resumo dos datos máis relevantes de vento en diferentes estacións das catro provincias galegas. Delas extraemos que a porcentaxe de calmas foi baixa, agás nalgúns puntos de interior, e a compoñente dominante do vento foi sur, por mor do achegamento de borrascas ao noroeste da península.

Táboa 10: resumo dos datos de vento no mes de setembro de 2023 na provincia de A CORUÑA

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira (170)	Carnota	83	S	15		
		Día 3				
Punta Candieira (254)	Cedeira	97	S	13		
		Día 20				



Táboa 10: resumo dos datos de vento no mes de setembro de 2023 na provincia de A CORUÑA

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica (161)	Malpica	70	S	6	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10032) & 092023 092023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10032) & 092023</p>
		Día 17				
Marco da Curra (651)	Monfero	84	S	7	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10046) & 092023 092023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10046) & 092023</p>
		Día 20				

Táboa 11: resumo dos datos de vento no mes de setembro de 2023 na provincia de LUGO

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo (545)	Viveiro	126	SW	4	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Penedo do Galo (10104) & 092023 092023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Penedo do Galo (10104) & 092023</p>
		Día 20				
Campus Lugo (400)	Lugo	55	S	69	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Campus Lugo (10073) & 092023 092023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Campus Lugo (10073) & 092023</p>
		Día 9				
Ancares (1364)	Cervantes	86	S	12	<p>INTENSIDADES PONDERADAS COA DIRECCIÓN Ancares (13662) & 092023 092023</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Ancares (13662) & 092023</p>
		Día 4				



Táboa 12: resumo dos datos de vento no mes de setembro de 2023 na provincia de OURENSE

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares (1762)	A Veiga	105	S	3		
		Día 3				
Alto do Rodicio (981)	Maceda	72	S	24		
		Día 17				
Gandarela (623)	Celanova	55	SE	53		
		Día 17				

Táboa 13: resumo dos datos de vento no mes de setembro de 2023 na provincia de PONTEVEDRA

Estación (altitude)	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos de Montes (705)	Fornelos de Montes	85	S	15		
		Día 20				
Illas Cíes (25)	Vigo	73	SW	33		
		Día 20				

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de setembro de 2023

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008

9 RAIOS

Na Figura 15, pódese ver o número total de raios rexistrados en Galicia no mes de setembro desde o ano 2010 ata o 2023. En setembro de 2023 houbo un total de 13675 descargas eléctricas, o que fai este mes que ocupe a primeira praza desde que hai rexistros.




Figura 15: Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2023

A Figura 16 presenta o número de raios repartidos por día. Vemos que a maior parte das descargas eléctricas tiveron lugar entre o 7 e o 9 e na xornada do 15 de setembro.




Figura 16: Número de raios por día detectados en Galicia en setembro de 2023



Para rematar, a Figura 17 presenta o número de raios detectados por provincia. Como se pode ver, a maioría dos raios caeron na provincia de Lugo, seguida pola provincia de Ourense. A Coruña e Pontevedra rexistraron un número semellante de raios.




Figura 17: Número de raios detectados por provincia en Galicia en setembro de 2023.

MeteoGalicia
Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático
Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 9

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	16.4	21.93	29.6	30	12.8	8.4	23	125	48.2	15	-5	89	99	63	53	198	1564	**	71	20	**	15	0		
Ventosa	16.1	21.8	29.8	30	**	**	23	100	21.4	21	-9	74	92	52	54	200	1574	9	72	18	913	13	**		
*Vilamor	19.0	25.33	34.1	30	14.2	7.0	24	155	22.8	15	56	84	99	59	44	164	1340	**	51	20	**	18	0		
*Xabrega	18.4	25.91	34.0	30	13.4	8.9	23	102	29.7	9	-26	80	97	50	48	176	1521	4	52	20	978	12	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 9

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días				
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	15.1	20.82	27.9	30	10.6	3.5	23	146	28.4	2	41	76	93	51	54	198	1571	9	63	3	902	12	0					
*A Portela	19.2	27.24	34.0	30	13.3	7.3	23	89	19.0	21	-18	71	95	40	51	187	1468	4	40	21	**	12	0					
*A Trabe	17.1	22.67	29.5	30	12.6	6.3	23	122	25.4	2	0	76	93	55	53	196	1529	3	34	3	928	13	0					
Alto do Rodicio	15.5	20.3	27.3	30	11.9	6.3	23	142	42.1	9	5	82	97	60	54	201	1596	11	71	17	906	14	0					
Amiudal	17.4	23.88	32.2	30	13.0	7.7	23	120	39.2	16	23	84	100	53	53	196	1559	7	59	20	953	13	0					
As Petarelas	19.0	26.78	33.6	30	13.3	7.3	23	107	20.2	21	**	73	97	43	--	--	--	**	**	**	**	**	17	0				
Baltar	15.6	22.59	28.9	30	9.3	2.9	23	84	20.4	9	-9	82	100	51	50	186	1535	7	48	20	925	14	0					
Cabeza de Manzaneda	11.0	14.28	20.9	30	8.4	2.6	23	136	31.7	21	58	81	94	60	47	173	1393	22	85	17	826	14	0					
*Calvos	14.6	21.59	29.6	30	**	**	23	142	48.7	2	70	**	100	**	52	192	1548	6	56	17	**	13	**					
Casaio	15.2	19.16	25.7	30	11.6	5.7	23	75	21.0	2	**	**	88	**	**	**	**	**	**	7	83	17	**	10	0			
*Corzos	14.2	20.62	27.5	30	9.3	2.2	23	139	52.0	2	**	75	93	51	**	**	**	**	**	**	8	47	17	**	11	0		
Entrimo	16.7	22.7	31.4	30	12.6	6.8	23	104	31.1	21	**	86	98	64	43	161	1380	**	**	**	**	**	14	0				
*EVEGA Leiro	19.0	28.39	37.0	30	12.7	6.4	23	88	30.4	10	**	80	97	45	**	**	**	**	**	**	1	29	20	1002	13	0		
Gandarela	17.5	23.18	32.0	30	13.5	8.6	23	124	43.4	9	-7	89	100	65	50	186	1494	5	54	17	944	12	0					
Lardeira	12.5	16.92	24.1	30	9.3	3.1	23	97	28.5	2	6	80	96	58	53	195	1580	21	106	21	840	10	0					
Larouco	18.4	25.41	33.1	30	12.7	7.0	23	71	19.1	9	--	78	99	46	**	**	**	**	**	**	6	57	17	955	10	0		
Laza	17.5	25.17	33.1	30	11.6	4.9	23	58	13.8	2	-46	77	99	45	51	191	1496	4	62	7	**	11	0					
Monte Medo	17.0	23.83	31.2	30	11.7	3.6	23	96	30.6	9	**	80	99	50	**	**	1626	**	**	**	**	**	13	0				
O Invernadeiro	14.4	20.85	27.9	30	9.3	2.8	23	186	36.4	21	99	84	99	57	50	185	1453	8	56	4	**	14	0					
Ourense	19.5	27.46	36.1	30	14.1	8.4	23	112	51.8	9	**	77	100	42	**	**	**	**	**	**	**	**	**	12	0			
Ourense-Estacións	20.0	27.51	36.4	30	14.9	9.6	23	147	95.3	9	-47	76	95	46	50	185	1492	3	39	9	999	11	0					
*Pazo de Fontefiz	18.3	24.52	32.3	30	13.6	6.9	23	128	70.5	9	-35	82	98	56	51	189	1458	5	41	17	968	14	0					
*Ponte Boga	18.5	25.58	34.4	30	13.4	7.5	23	84	28.8	9	-18	81	100	49	52	194	1565	4	40	5	962	9	0					
*Prado	19.3	27.28	36.2	30	14.0	9.0	23	69	19.9	9	**	80	97	48	**	**	**	**	**	**	2	36	20	1000	12	0		
Remuíño	18.8	27.84	35.2	30	13.2	7.5	23	96	28.6	9	7	83	98	48	44	163	1401	4	**	4	**	12	0					
*Riós	16.8	22.59	28.8	30	12.3	6.9	23	136	33.5	9	-21	78	96	52	54	201	1581	4	46	15	**	13	0					
San Xoán de Río	15.4	20.85	28.5	30	11.5	6.9	23	78	23.2	21	-18	80	96	56	51	189	1531	11	56	21	901	14	0					
Serra do Eixe	14.6	19.43	26.7	30	10.8	3.6	23	117	33.0	21	21	80	95	57	52	194	1538	14	82	17	880	10	0					
Verín-Vilamaior	18.1	25.53	32.7	30	12.5	6.4	23	82	18.4	7	-24	76	98	48	55	202	1589	5	58	7	954	13	0					
Verín-Vilela	17.4	26.21	32.8	30	10.5	3.3	24	75	14.2	9	-13	85	100	49	54	199	1580	3	50	7	**	13	0					
Viana do Bolo	15.9	22.97	29.1	30	10.3	2.7	23	122	42.8	2	0	78	98	52	51	188	1533	6	58	17	920	13	0					
Xares	11.5	15.93	23.3	30	8.4	2.6	23	138	25.8	15	50	77	94	56	49	181	1449	25	105	3	826	14	0					
Xinzo	16.5	23.85	30.8	30	10.1	1.4	23	60	16.3	2	-30	85	100	53	51	188	1517	8	58	17	945	12	0					
Xurés	15.5	20.12	28.1	30	12.2	7.5	23	146	39.3	9	48	82	95	60	57	210	1632	13	75	17	898	12	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 9

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	17.6	22.68	31.8	30	13.6	9.6	23	121	27.4	20	29	86	97	66	50	187	1493	6	44	20	**			13	0		
A Granxa	18.6	26.3	35.2	30	12.7	7.9	23	101	30.1	9	5	80	95	50	53	195	1503	2	48	4	1011			12	0		
A Lanzada	19.2	23.49	28.9	14	15.4	10.2	24	79	13.9	20	-22	85	96	68	59	221	1623	12	69	20	**			13	0		
*Areas	19.4	26.02	34.5	30	15.0	9.6	23	108	25.8	17	12	89	100	62	49	183	1519	2	33	16	**			13	0		
*As Eiras	19.0	25.08	32.9	30	14.2	9.0	24	81	26.0	21	-2	84	99	58	46	6	1581	3	53	17	1010			12	0		
Atios	18.9	26.14	34.6	30	13.3	8.4	24	121	29.8	9	0	85	100	55	47	176	1487	4	41	5	**			13	0		
Baiona	19.6	**	**	7	16.1	12.0	24	98	18.4	4	-7	82	97	61	65	240	1730	7	56	17	**			12	0		
*Barrantes	19.0	24.58	31.1	30	13.9	7.1	24	88	21.4	20	-64	84	97	62	58	214	1558	3	41	17	**			8	0		
Cabo Udra	19.6	23.55	28.2	30	16.8	13.2	23	83	19.4	20	-33	89	100	73	58	217	1675	**	92	20	**			11	0		
Caldas de Reis	18.5	24.26	32.6	30	14.7	10.0	23	97	20.0	20	5	82	96	59	44	164	1419	4	57	17	984			11	0		
*Camanzo	18.9	25.19	33.4	30	14.0	7.7	23	150	35.0	1	52	83	97	59	51	190	1512	4	47	20	991			15	0		
Cangas-Porto	19.7	22.83	28.7	14	17.0	12.8	23	57	17.8	20	**	78	90	62	**	**	**	7	62	17	**			11	0		
Castro Vicaludo	17.5	20.92	30.8	30	14.9	11.7	22	118	27.4	21	26	**	98	**	60	223	1664	17	92	20	960			13	0		
Castrove	18.4	22.63	31.3	30	**	**	22	138	35.7	20	57	91	98	75	48	179	1485	11	75	20	956			18	**		
*Cequeliños	19.0	26.27	35.8	30	14.2	9.2	23	71	26.0	21	-30	82	100	50	52	192	1558	4	47	21	**			9	0		
Corón	19.5	22.82	28.3	30	16.8	12.5	24	98	31.0	20	-9	81	93	63	58	215	1641	12	64	20	1013			11	0		
*Entenza	19.4	26.44	34.5	30	14.4	8.5	23	92	31.6	9	-26	**	100	58	50	186	1529	1	32	17	**			11	0		
Forcarei	16.4	21.53	30.7	30	12.6	8.0	23	137	38.1	9	51	90	100	67	54	200	1559	13	69	20	**			13	0		
Fornelos de Montes	17.0	20.88	29.3	30	**	**	23	158	33.9	9	73	**	96	65	51	190	1506	15	84	20	935			15	**		
Gargamala	18.9	25.16	33.5	30	14.2	9.0	23	126	33.2	9	-17	**	100	60	55	205	1565	4	56	2	**			13	0		
Illas Cíes	19.5	22.64	27.7	14	16.9	14.6	24	73	15.3	20	-39	82	93	67	62	232	1774	10	72	20	**			10	0		
Lalín	17.1	22.74	31.1	30	13.0	8.6	23	131	34.9	9	**	**	100	58	**	**	**	8	54	17	**			15	0		
*Louredo	18.0	23.8	29.7	14	14.6	9.9	23	117	36.2	9	**	94	100	73	**	**	**	2	**	24	990			12	0		
Lourizán	19.0	24.25	29.7	30	14.8	10.0	23	102	21.1	17	8	86	99	64	46	172	1467	2	42	20	1009			11	0		
*Meder	19.4	26.41	34.3	30	14.5	8.3	23	88	25.4	21	**	84	100	54	**	**	**	1	33	17	998			11	0		
Monte Aloia	17.7	23.21	32.8	30	14.3	10.0	23	152	28.2	20	68	**	100	**	45	168	1436	7	61	20	960			14	0		
Mouriscade	16.7	23.44	31.5	30	10.9	3.8	23	107	21.0	9	12	84	99	57	52	194	1548	6	47	17	957			15	0		
O Viso	18.6	24.1	33.0	30	15.0	10.3	23	98	21.4	20	0	80	94	58	55	205	1523	7	63	17	984			12	0		
Ons	19.0	22.38	29.5	30	16.4	14.0	23	83	21.4	20	-29	81	92	67	60	225	1763	16	83	17	1001			10	0		
Pazos de Borbén	18.6	24.23	32.7	30	14.3	9.0	23	126	31.7	9	27	86	99	61	57	210	1585	6	54	17	983			12	0		
*Pé Redondo	19.6	24.75	32.6	30	15.8	10.9	23	72	31.0	18	-38	84	96	64	53	196	1550	2	46	20	**			8	0		
*Ponte Caldelas	17.9	24.06	32.8	30	12.9	7.4	23	115	31.0	20	26	83	97	60	48	177	1420	2	39	17	974			12	0		
Pontevedra-Campolongo	20.0	26	33.1	30	15.3	10.2	23	91	18.8	9	**	82	100	53	**	**	**	2	38	17	**			11	0		
Porto de Vigo	20.2	23.63	28.4	30	17.5	13.8	23	61	14.0	9	-46	80	94	64	59	219	1623	9	57	21	1013			10	0		
Rebordelo	17.1	22.93	31.8	30	11.6	5.8	23	122	28.8	17	32	86	99	62	54	199	1501	5	54	20	975			11	0		
San Nomedio	17.5	22.18	30.7	30	**	**	22	124	37.1	21	43	**	96	66	51	188	1471	14	84	17	**			14	**		
Sanxenxo	20.0	24.11	31.0	30	16.6	12.6	23	83	21.7	9	-26	80	94	63	54	199	1590	4	52	20	1011			12	0		
Serra do Faro	15.1	19.25	27.3	30	12.1	7.3	23	188	47.0	9	--	83	97	64	51	187	1449	--	--	--	--			16	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2023 Mes: 9


Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Simes	19.1	24.43	33.0	30	14.7	11.1	24	73	14.5	9	--	83	96	63	**	**	1350	--	--	--	**	12	0		
*Soutomaior	18.9	24.61	33.8	30	14.9	10.0	23	103	23.4	9	**	88	100	62	**	**	**	2	31	9	995	12	0		
*Torrequeintáns	19.8	24.89	32.5	30	15.4	9.9	24	94	20.4	20	-23	89	100	69	55	204	1625	5	59	17	1009	9	0		
*Tremoedo	19.0	24.03	31.8	30	15.0	9.6	24	96	18.2	17	**	82	95	59	**	**	**	2	35	20	1007	12	0		
Vigo	19.9	24.77	32.7	30	16.3	13.1	23	87	22.6	9	**	76	91	56	**	**	**	**	**	**	**	11	0		
Vigo-Campus	17.9	21.82	31.1	30	15.1	11.3	23	138	21.4	17	32	83	96	65	56	179	1598	8	68	17	963	15	0		
Xesteiras	16.8	19.97	28.6	30	**	**	23	131	27.2	20	**	89	98	70	**	**	**	21	97	20	933	18	**		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA SETEMBRO 2023



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA SETEMBRO 2023



CHUVIA ACUMULADA DIARIA SETEMBRO 2023



REFACHO MÁXIMO DIARIO SETEMBRO 2023

